



Santiago, a 7 de marzo do 2022

Benqueridas familias:

Poñémonos en contacto con vós para informarvos das novidades publicadas esta fin de semana de forma conxunta pola Consellería de Sanidade e Educación, no relativo á xestión da Covid-19 nos centros educativos:

- Os centros educativos non son considerados ámbitos vulnerables, polo que as actuacións a seguir neles serán as mesmas que a poboación xeral en canto á identificación e manexo de contactos estreitos: **non se realizará identificación de contactos estreitos** e serán os propios casos os que teñen que informar aos seus contactos estreitos do diagnóstico de Covid para que extremen as precaucións.
- A definición de contacto estreito e o prazo para identificar contactos estreitos mantense, polo que comeza 2 días antes da data de inicio de síntomas (ou da toma de mostra nos casos asintomáticos) e remata no momento que comeza o illamento do caso positivo.
- Desde o colexio notificaremos ás familias da aula da presenza dun caso positivo cando apareza en EduCovid ou nolo comuniquedes.
- De momento, o resto de medidas non sufriron variacións. En canto se produzan, seredes informados e adaptarémonos a elas.
- Na seguinte ligazón podedes acceder a información completa:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/36419>

- As recomendacións paras as persoas que estiveron en contacto cun positivo, están especificadas a continuación no seguinte enlace:

https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/6767/202200304_Recomendacions_preventivas_contactos_estreitos_COVID.pdf

Un saúdo

O Equipo Directivo